

NOTAS SOBRE O ANTECEDENTE (ÚNICO?) DE *BV*. PRIMEIRA CALA^{*}

Mariña ARBOR ALDEA
Universidade de Santiago de Compostela

*La variante se individua mediante la confrontación del contenido
de los manuscritos, y no implica un juicio de valor*
Cesare Segre

*La collatio codicum es la fase más ingrata y una de las más delicadas
de todo el proceso editorial*
Alberto Blecua

*Computacionalmente, la colación es un problema complejo. Hemos analizado
brevemente diferentes herramientas y todas ellas demandan distintos tipos de
sacrificio al investigador; sea en la intensidad de la curva de aprendizaje
sea en la calidad de los resultados*
Helena Bermúdez Sabel

I. PROHEMIO

No ámbito de estudo da lírica profana galego-portuguesa parecería, a día de hoxe, que todo ou case todo está feito: edicións de diversa natureza e seguindo principios metodolóxicos diferentes, análise dos xéneros principais e «menores ou contaminados», estudos biográficos ou abordaxes lingüísticas de natureza varia, en soportes tamén diversos, non só conformaron unha inmensa

^{*} Este estudo forma parte dos traballos que se realizan no marco do proxecto de investigación *Universo Cantigas (IV). Edición crítica dixital das cantigas de amigo* (PGC2018-093928-B-I00), subsidiado polo Ministerio de Ciencia, Innovación y Universidades.

escoada de magma, se se me permite a metáfora, sobre a que construír un coñecemento sólido dos múltiples argumentos que abrangue esta poesía, senón que tamén fixeron aflorar un importante manancial de información que favorece a achega, desde unha óptica nova, a diferentes argumentos. Pensemos así, e só a título de exemplo, no cambio de orientación que propiciaron os ensaios de Monteagudo (2008a) e Souto Cabo (2012) sobre o desenvolvemento na *Gallaecia Magna* desta lírica ou nos múltiples datos que nos brindaron Larson (2019 [2018]) e Marcenaro (2019) a propósito da denominada *koiné* trobadoresca.

Desde o punto de vista da codicología e da crítica do texto, tamén os últimos anos trouxeron un aire novo, que veu revitalizar as conclusións a que, sobre a tradición manuscrita da lírica dos *trobadores*, chegaran —co *stemma* preliminar de Michaëlis (1990 [1904]) sempre presente— as análises pioneiras de Tavani (1969 [1967], 1979, 1988 e ensaios sucesivos) e as revisións a que estas foran sometidas por D’Heur (1974, 1984), Gonçalves (2016 [1976], 1993, 2016 [1995], 2016 [2007]) e Ferrari (1979 —con precisións de importancia en Gonçalves 2016 [1983]—, 1991, 1993a, 1993b, 2010), conclusións que se plasmaron nunha árbore xenealóxica estendida (caso de Tavani; Figura 1) ou simplificada (D’Heur, Gonçalves, Ferrari; Figura 2) que remitían, en todo caso, o conxunto dos relatores desta poesía a un antecedente común único, o denominado arquetipo ω . Tal arquetipo foi identificado tradicionalmente co desaparecido «Livro das Cantigas» que don Pedro de Portugal (†1350) legaba no seu testamento de 1350 a Afonso XI de Castela, libro este que, á súa vez —e como se admite tamén de modo convencional—, sería o referido por Colloci na nota «Messer Octaviano di messer Lactantio ha il libro di portughesi; quel da Ribera l’ha lassato» con que apostilou o seu Vat. lat. 4817 (f. 204v)¹.

¹ Este apuntamento foi estudado por Gonçalves (2016 [1986]), que describiu as posibles circunstancias que rodearon a chegada a Roma e ás mans de Colloci de tal cancionero ibérico. A filóloga identificou a dous dos personaxes citados na nota: coa etiqueta «Messer Octaviano» o humanista aludiría a Lattanzio Tolemei, un dos maiores eruditos do século xvi, embaixador da República de Siena na corte papal de Clemente VII e Paulo III, que está documentado en Roma entre 1522 e 1543, mentres que «Quel da Ribera» podería ser o clérigo bracarense António Ribeiro, «camarário de Clemente VII, encarregado pelo Pontífice, em 1525, de levar a Rosa de ouro ao Rei de Portugal e lhe expor *verbis* o que o embaixador D. Miguel da Silva havia explicado *per litteras* acerca da gravíssima situação da Cristandade» (Gonçalves 2016 [1986]: 103); nada chegou a apurarse, porén, sobre «messer Lactantio», que aínda hoxe é un personaxe descoñecido. Gonçalves indicaba nese mesmo traballo que non era posible saber a que cancionero se refería a apostila, aínda que se preguntaba se o «Libro di portughesi» podería ser «o antecedente directo de um dos cancioneros (ou dos dois?) copiados em Itália por mandado de Colloci» (2016 [1986]: 101). Case tres décadas despois, Bernardi (2017) volveu sobre o asunto, ofrecendo unha




Figura 1. *Stemma* de Tavani
(1988 [1967])




Figura 2. *Stemma* simplificado
(Gonçalves 1993)

Un dos primeiros resultados do retorno a este argumento plasmouse no imprescindible *Depois do espectáculo trovadoresco*, de Oliveira (1994). Outras novidades chegaron da análise de diferentes aspectos codicolóxicos dos manuscritos, que nos iluminaron sobre, por exemplo, a compilación destes e a imaxe ou características gráfico-visivas que podería revestir o seu modelo (Gonçalves 2016 [1991]; Lanciani 2004; Ramos 2008; Arbor Aldea 2009, 2010; Lorenzo Gradín 2011, 2013; Marcenaro 2015b, 2016a;

nova interpretación da nota collociana, que foi analizada no marco dun conxunto de apuntamentos presentes en diversos manuscritos de Colocci e en diferentes misivas enviadas ao humanista, en concreto na inédita carta que foi remitida «da Roma da tale Pier Andrea Ripanti all’umanista jesino il 13 marzo 1528» —Colocci encontrábase por motivos de seguridade fóra da «città eterna»—, en que se aludiría á fortuna que correran algúns dos seus libros e outros obxectos persoais durante o «Sacco di Roma» e durante a ocupación da cidade por parte das tropas imperiais, entre o 6 de maio de 1527 e o 17-18 de febreiro de 1528. Para Bernardi, tales notas funcionarían a modo «di promemoria faticosamente allineati in liste utili per tentare di ricucire le *disiecta membra* di una biblioteca dispersa dalla violenza del Sacco o dalla premura degli amici», isto é, podería pensarse que «il ‘libro di portughesi’ [así como outro dos volumes de interese collociano, o *Libro reale*] potessero essere non volumi di cui nel 1527-1528 Colocci aveva sentito parlare e che desiderava procurarsi o almeno studiare, bensì opere già possedute (o già avute a disposizione), delle quali ora, nella forzosa diaspora libraria più o meno direttamente imposta dalle truppe cesaree alla sua collezione, egli si affanna a ritornare padrone» (Bernardi 2017: 72, 102 para as citas). Este dato poderá implicar a que a data de copia de *BV* deba ser revisada, unha hipótese que, servíndose doutros argumentos, apunta tamén Barberini para *B* (2019: 420-421, 2023a: 159, nota 2).

Fernández Guiadanes 2016; Barberini 2019, 2022, 2023a, 2023b, 2023c, 2023d, 2024; Brea 2022, 2023, 2024; Monteagudo 2022). Finalmente, o *Fragmento Sharrer* e o *Pergamiño Vindel* tamén mereceron estudos moi coidados desde o punto de vista material, textual e musical (Sharrer 1991, 1993; Ferreira 1986, 2005, 2009, 2016, 2018, 2019; Marcenaro 2015a, 2016b; Calvia 2016; Ciaralli 2016; Arbor Aldea / Ciaralli 2018; Oliveira 2018).

Un punto de vista diverso nestas pesquisas marcárono os estudos sobre estratigrafía lingüística que desde 2008 publica Monteagudo, que complementan ou matizan as diversas «fases» que se sucederían na confección dos manuscritos. Así, o autor avanza que a denominada por Oliveira «compilación xeral» —tradicionalmente identificada co citado *Livro das cantigas* de don Pedro de Portugal— puido ser un proxecto implementado en diversos momentos e/ou soportes, destacándose entre eses estadios «un *Livro de Trovas del D. Rey Afonso*», «o *Livro das Trovas del Rey Don Denis*, ampliados en diversas etapas, e o «*Livro das Cantigas de D. Pedro*» (Monteagudo 2008b, 2013, 2015, 2019a, 2019b, 2020).

Tamén Ferreiro (2008, 2016a, 2016b, 2018), Brea (2020) e Brea / Lorenzo Gradín (2020) analizaron cuestións de lingua que necesitan integrarse neste debate; a estas deben sumarse, aínda, as achegas de Penafiel (2019a, 2019b), que, partindo de datos codicolóxicos, cuestiona tanto a identificación do *Livro das Cantigas do Conde don Pedro* co antecedente de *B* e *V* como a organización que ata aquí se describira para o *Cancioneiro da Ajuda*. Pola nosa parte, contribuímos a estas liñas de investigación con diversos ensaios que descenden á análise da *varia lectio* para estudar os fenómenos de hipo e hipermetría e as súas causas, así como diversos problemas relacionados coa constitución interna das antoloxías poéticas (2012-2020).

Neste complexo, completo e poliédrico exame dos relatores da lírica profana galego-portuguesa fica, porén, un longo exercicio por facer, que foi só encetado por Tavani nos seus estudos, e que non mereceu interese por parte da crítica posterior: referímonos á *collatio* completa da lección enviada para cada cantiga polo conxunto dos manuscritos, isto é, polos tres grandes cancioneiros *A*, *B* e *V* e polos denominados «fragmentos menores» *N*, *T*, *L*, *M* e *P*, e á súa posterior análise, de que deben extraerse todas as conclusións posibles². Este exercicio, que debería estar, corrixir ou matizar canto os autores citados sinalaron, ocupará os nosos intereses futuros; del ofrecemos nas páxinas que seguen unha primeira cata.

² A tabela de concordancias/diverxencias (parciais) existentes entre *A*, *B* e *V* que elaborou Tavani pode consultarse no seu volume de 1988 (páxinas 67-72 e seguintes, para o seu comentario demorado).

II. CORPUS OBXECTO DE ESTUDO E METODOLOXÍA

Para establecermos o corpus de traballo, procedemos a un cómputo manual das cantigas, xa que non é posible realizar esta tarefa de xeito mecánico nin extraer estas cifras das bases de datos de que dispomos. Este labor móstranos que, dos 1.685 poemas que integran a tradición³, 1.378 son enviados por dous ou máis relatores:

1. textos presentes en *A* e *B*: 193
2. textos comúns a *A*, *B* e *V*: 53
3. textos copiados en *B* e *V*: 1.112
4. textos enviados por *B*, *V* e *T*: 7
5. textos comúns a *B*, *V* e *N*: 7
6. textos copiados en *B* e *L*: 5
7. textos comúns a *B*, *V*, *M* e *P*: 1

Unha vez fixado o corpus obxecto de estudo, abordamos a comparación forma a forma da lección manuscrita. A premisa teórica que seguimos vén marcada pola «suspensión de xuízo», isto é, analizamos sen ningún tipo de idea preconcebida o material e sen clasificalo *a priori* en categorías. Realizamos así, e por máis que poida considerarse anticuada —considerando a capacidade «de cubrir todas as nosas necesidades» que atribuímos ás ferramentas informáticas— unha *collatio* manual, a única posible, por outra parte.

De feito, aínda que coñecemos os antecedentes previos que para unha análise informática deste material supuxo o traballo de Bermúdez Sabel (2018), e aínda que contamos con instrumentos como CollateX, Juxta ou o empregado pola propia Bermúdez Sabel para a lírica galego-portuguesa, XSLT/XQUERY, ningún deles é aplicable ao corpus seleccionado, en canto esixen unha intervención nos datos de partida —segmentación de formas ou inserción de baleiros, entre outros— que pode alterar a validez dos resultados finais, ademais de anular o principio que situamos na base deste proxecto⁴: a identificación de variantes, entendidas estas como aquelas que «emergen como diferencias de lección, máis o menos extendidas, entre los distintos manuscritos», que «se individua[n] mediante la confrontación del contenido de los manuscritos, y no implica[n] un juicio de valor» (Segre 1990 [1979]: 53, 54).

³ Utilizamos a ordenación de *UC* (<https://universocantigas.gal/tabela-completa>), que segue a de D'Heur (1973), e que ofrece a vantaxe de manter a disposición que as cantigas ofrecen nos manuscritos.

⁴ Para as limitacións de que adoece a *collatio* informatizada remitimos a Bermúdez Sabel (2016) e aos diversos ensaios contidos en González / Bermúdez Sabel (2019).

Nesta sede móstranse, como sinalamos, parte dos froitos que tiramos dunha pequena cata que contempla os poemas UC 360-382, isto é, 23 cantigas que coinciden cos primeiros exemplares de *V* e cos seus «homólogos» en *B* (391-414)⁵. Ademais da *collatio* interna dos textos, para a que nos servimos da transcripción paleográfica dispoñible no web de UC (véxase «Manuscritos», en www.universocantigas.gal), estudaremos as notas de Colocci —de particular interese no caso de *V* (acéfalo)— e as numeracións que acompañan determinadas cantigas⁶, que poden resultar pertinentes para achegar algunhas posibles hipóteses de traballo sobre o antígrafo ou antígrafos de *B* e *V*.

III. *COLLATIO* EXTERNA

A primeira toma de contacto con *V* móstranos un códice dubitativo nos seus comezos: inicio abrupto, columna única de escritura, numeracións riscadas, reescrituras de cifras ou folios en branco, entre outros, ademais de numerosas apostilas, entre elas a debatida *Manca da fol ij ifino a fol. 43*⁷.

⁵ Deste bloque, e só a efectos da *collatio interna*, exclúense *V* 4, *B* 394 (UC 984), atribuída a Sancho Sanchez, que ofrece outra versión en *A* 291, *B* 982, *V* 569, neste punto baixo a autoría de Pero da Ponte, e *V* 13, *B* 403 (UC 733), que conta cunha redacción máis extensa en *B* 718, *V* 319. Estes casos de dobre atribución e/ou redacción serán estudados en conxunto, unha vez concluída a análise dos poemas de tradición «simple». Nos estudos de lírica profana galego-portuguesa pártese normalmente de *B*, o códice máis completo, para realizar a colación; neste caso, dada a acefalia de *V*, partimos deste último, realizando a seguir a análise do manuscrito lisboeta, que só comeza a súa equivalencia co códice vaticano no f. 88r. O lector interesado nas características e historia destes cancioneros pode remitirse á bibliografía que se citará na nota 7 e a canto se sinalou na epígrafe introdutoria a este ensaio.

⁶ D’Heur elaborou unha tabela con estas numeracións (1974: 6-10), que se irá verificando co avance dos traballos que se propoñen nesta pesquisa. Para as referidas cifras e para as apostilas «de colación» de Colocci enviamos á bibliografía citada nas páxinas que seguen, con atención ás tabelas organizadas por Monteagudo (2022).

⁷ A interpretación desta nota e, en estreita relación con ela, de diversas cifras en caracteres romanos e arábigos datables do momento da copia presentes tanto en *V* como en *B* foi abordada por Tavani nos seus estudos sobre tradición manuscrita da lírica galego-portuguesa. Tal como aconteceu co seu *stemma*, a interpretación do apuntamento, que foi lido polo filólogo italiano como ‘falta desde o folio 2 ao folio 43’, mereceu diversos comentarios por parte de D’Heur (1974), ficando, porén, a discusión sobre tal nota e sobre o argumento en que esta se integra lonxe de darse por pechada. Nos últimos anos, a crítica volveu centrar a súa atención sobre ambos os asuntos, en boa medida como consecuencia do renovado interese que suscitaron tanto a materialidade de *B* e as apostilas con que Colocci «ilustrou» os seus códices como o bosquejo das características que revestiría o modelo que serviu para a copia dos apógrafos italianos. Para a citada apostila remitimos, en concreto, a Brea (2024), que segue a última

Cinguíndonos aos textos que aquí nos interesan, e como se aprecia na Figura 3, na marxe esquerda do primeiro folio de *V*, que foi numerado por Colocci á dereita como *l* tras corrixir unha cifra precedente, talvez 90, figura a nota *A fogli 90*, iniciándose a transcripción, a columna única, coa primeira estrofa da cantiga de Fernan Gonçalvez de Seavra *Muitos vej'eu que, con mengua de sen* (*V* 1, *UC* 360), que vai seguida da *crux* collociana con que en liñas xerais se sinala a existencia de dificultades no paso do orixinal á copia. No espazo en branco que se deixou despois, e que daría cabida a outra cobra, colocouse o *ex libris* da Biblioteca Apostólica Vaticana. En correspondencia con este códice, e como pode observarse na Figura 4, *B* (391) ofrece no f. 88r unha versión máis completa do texto; non se percibe, porén, e deixando á marxe apostilas de índole diversa⁸, o número de folio —moderno,

lectura de Tavani (2008: 308) —lectura que xa estaba en Monaci (1875: VIII)— para a primeira cifra, isto é, ‘falta desde o folio 11 ao folio 43’, e que ofrece, ademais dunha análise da bibliografía previa, diversas hipóteses relativas ao contido da lacuna a que remitiría tal nota baseándose nos estudos de Barberini en que se reconstrúen os fascículos de *B* e as súas numeracións (*vide infra*, ademais dos ensaios citados na introdución a estas liñas e na posterior nota 13). No tocante ás numeracións de *BV*, tamén estas mereceron nos últimos anos diversas achegas parciais —falta aínda unha análise de conxunto sobre elas—, que se enmarcan, así mesmo, no estudo dos elementos que estes códices fornecen para reconstruír as características do seu modelo; neste caso é de obriga citar os contributos de Barberini, que se ocupou preferentemente de *B* (2022, 2023a, 2023b, 2023c, 2023d), de Brea (2022, 2023, 2024) ou de Monteagudo (2022), que coinciden en remitir as mencionadas cifras ao modelo que serviría para copiar *B* e *V*, unha hipótese que xa apuntara Gonçalves (2016 [1983], 2016 [1999]). Son, en concreto, particularmente ilustrativos sobre o argumento os rigorosos estudos de Barberini, que aborda as cifras presentes en apertura de diversos fascículos de *B*, que se identificarían coa «prima carta della pecia assegnata a ciascun copista», que «per ragioni correlate a questo sistema di copia, doveva sicuramente coincidere con un intero fascicolo della fonte», desenvolvendo esa cifra anotada por Colocci «la duplice funzione di associare inequivocabilmente pecia dell'*exemplar* e corrispondente fascicolo di B e di consentire, pertanto, all'umanista un rapido controllo a campione in una qualunque sezione dei due codici» (Barberini 2022: 42, 43 para as citas, 2023c: 1101, 1109-1110).

⁸ Colocci colocou en *B*, e en menor medida en *V*, numerosas apostilas de carácter lingüístico, métrico e literario, ademais doutras de orde codicolóxica e organizativa, «ora annotando banali fatti grammaticali, ora invece vocaboli d'intensa carica letteraria, trovadorica o petrarchesca; ora qualificando il genere del componimento, ora computando le sillabe di un verso (e rettamente, tenendo conto della sillaba da aggiungere se tronco), ora traducendo intere espressioni o versi» (Bertolucci 1966: 14). Para esas notas collocianas consúltese igualmente Bertolucci (1972), así como Brea / Fernández Campo (1993) e o último volume que sobre o argumento publicaron Brea / Fernández Guidanes / Pérez Barcala (2021).

lémbrase que é Molteni o responsable destas cifras, que se escribiron nos folios de *B* tras o seu achado en 1875, pois Colocci non numerou os folios deste códice, a diferenza do que se verifica en *V*— e o número de cantiga —este de man do humanista—, ningún tipo de nota que apunte a posibles anomalías na copia do texto⁹, dotado, neste caso, de tres estrofas.




Figura 3. Folio inicial con texto de *V*




Figura 4. Cantiga inicial de *V* na versión de *B* (391)

Tornando a *V*, o comentario que Monaci redactou sobre o apuntamento *A fogli 90*, presente no primeiro folio do códice, reviste grande interese para coñecer as características de tal «reclamo»: «Il n° 90 è scritto con altro inchiostro ed evidentemente prima della parola che lo precede. Così era scritto 90 anche sull'altro margine, dove ora si legge *I*, che fu sovrapposto al 90 per cancellarlo» (Monaci 1875: 5), e para saber a que pode referirse: «sta [esa referencia] con parole che fanno credere in essa una specie di richiamo ad altro ms.» (Monaci 1875: VII). O mestre italiano non lle outorgou «nome» a este «altro»

⁹ Si se rexistra en *B* unha *crux* de Colocci que alerta, en correspondencia cos vv. 4-5 da segunda estrofa, sobre unha deficiencia visible xa na propia disposición das liñas de escritura, aparentemente incompletas. Tamén fragmentarios parecen os últimos versos da terceira *cobla*.

manuscrito, que ficou sen identidade ata que, unha vez descuberto *B* en 1875, Tavani postulou, tras analizar os reclamos e cifras presentes en *B* e *V*, unha dobre colación de *V* quer co posible modelo de *B*, δ , na súa nomenclatura, quer cun teórico ascendente directo do propio *V*, ζ . Engadindo aos seus razoamentos a nota de apertura do Vat. Lat. 4803 que antes citamos, o profesor de Roma apuntou a existencia, ademais, dun segundo interpósito na rama Vaticana- ζ : ε , *deterior*, á súa vez, de γ , un dos subarquetipos, o máis baixo, que sinalaba no seu *stemma* (Tavani 1988 [1967, 1969]: 76-80). Na sopesada resposta que ofreceu a estes argumentos, D’Heur considerou, porén, as cifras presentes en *V* como elementos procedentes do seu modelo (γ) e como resultado dunha *collatio* co exemplar de *B*, β , toda vez que o *stemma* do estudoso belga, en que desaparecían os *interpositi* de Tavani, contemplaba aínda a existencia de dous modelos diversos para os apógrafos italianos (D’Heur 1974: 4-15)¹⁰:




Figura 5. *Stemma* de Tavani
(1988 [1967])




Figura 6. *Stemma* simplificado
de D’Heur (1974)

Considerando con cautela canto ata aquí escribiu a crítica —que hoxe é unánime en atribuír as numeracións presentes en *BV* ao seu modelo; véxase nota 7—, dado o carácter incipiente deste estudo e o carácter «non condicionado» que procuramos seguir nel, decantámonos por considerar —mesmo

¹⁰ Este *stemma* simplificaríase aínda máis en D’Heur (1984), con argumentos que escapan aos textos que abordamos nestas liñas, reducíndose a un único exemplar o modelo de *B* e *V* ao desaparecer o presunto antígrafo do primeiro, β . Tavani mantivo, porén, e aínda que con matices, a súa postura inicial ao longo de toda a súa vida, en particular no relativo á existencia dun dobre modelo para os cancioneiros da «rama italiana» (véxase 1988: 123-135, e estudos sucesivos).

como hipótese máis económica— que a nota *A fogli 90 de V*—repárese na primeira parte dela, escrita nun segundo momento por Colocci— remite ao seu antecedente, en concreto, e se o razoamento é correcto, e á vista de canto se referirá nas liñas que seguen, ao f. *90 do seu hipotético modelo¹¹.

Continuando coa análise de *V*, observamos que a cantiga 4, *A mia sennor; que eu máis d'outra ren*, atribuída a Sancho Sanchez (ff. 1v-2r de *V* = B 394; véxase nota 5, e UC 984), porta unha cifra en números romanos Lxxxvi (figura 7), cifra que é a primeira que con estas características se rexistra no códice da Vaticana acompañando os poemas, e que non encontra paralelo no lugar correspondente de *B* (f. 88v, figura 8). O f. 1v de *V* conclúe, por fin, co reclamo *sazon*, da autoría de Colocci, que envía ao actual f. 2r do manuscrito: neste, e como sucedía no folio apenas analizado, corríxese tamén, na súa marxe superior dereita, unha cifra precedente, difícil de identificar. Este f. 2r contén o remate do citado poema atribuído a Sancho Sanchez —o verso que enceta o folio comeza, xustamente, coa fórmula presente no referido reclamo— e nel iníciase a copia do ciclo de dúas cantigas de Afonso Lopez de Baian, *Sennor; que grav'oj'a mi é e O meu Sennor [Deus] me guisou* (*V* 5-6 = B 395-396; UC 363-364), que se pecha na parte superior da columna do folio seguinte, o f. 2v.




Figura 7. Folios 1v-2r de *V*






Figura 8. Folio 88v de *B*

Unha vez concluída a segunda composición do señor de Baian reproducése a cantiga de Meen Rodriguez Tenoiro *Quant'a, senhor, que m'eu quitei*

¹¹ Seguindo o proceder de Barberini nos estudos citados (véxase nota 7), sinalamos os hipotéticos folios do exemplar mediante un asterisco, reservando os números «limpos» para os folios de *B* e *V*.

(*V* 7 = *B* 397; *UC* 365), con que se abre a súa serie de textos: esa primeira cantiga vai acompañada pola segunda referencia numérica que achamos no códice vaticano acompañando os poemas, 87, neste caso escrita por Colocci (figura 9); na marxe inferior do folio, o humanista anotou outro reclamo, *Senhor fremosa*, que envía ao inicio do poema *Senhor fremosa, pois m'aqui* (*V* 8 = *B* 398; *UC* 366), do propio Tenoiro, que se transcribe, tras dous folios (recto e verso) en branco¹², no actual f. 3r de *V* (figura 10). Flanquea a cantiga de novo o número 87, tamén neste caso de man de Colocci, e, sobre el, rexístrase a apostila *fl 91*, que parece escrita en dous momentos, marcándose de forma particular o indicativo de folio, que debe atribuírse ao humanista iesino.

Figura 9. Folio 2v de *V*Figura 10. Folio 3r de *V*

O exame de *B* neste punto mostra unha copia limpa das correspondente cantigas *B* 394-398, sen elementos en aparencia destacables (figuras 11-12): parece posible, así, que nos encontremos, por un lado, e no que atinxe ao número 87, ante unha remisión interna do códice da Vaticana deste folio ao anterior dotado de texto —lémbrese a presenza entre ambos de dous folios en

¹² Estes folios mudaron de lugar no restauro do códice efectuado en 1877; nese momento colocáronse no comezo do manuscrito, aínda que figuran no seu lugar primitivo no facsimile, de acordo con Ferrari (1993b: 124).

branco—, sen descartar que esta cifra envíe, ademais, a un folio dun manuscrito de que por agora non temos datos; por outro lado, a cifra 91 remitiría ao modelo de que se copiou o propio *V*, quizais ao seu f. *91, dando seguimento á secuencia natural da copia: os ff. *90-91 do modelo serían reproducidos, así, nos ff. 1-3 e seguintes de *V*. Tomando en conta o número de cantigas que se transcriben no manuscrito romano, podemos deducir, ademais, que a serie 1-7 de *V*, que colma neste códice dous folios completos —lémbrase que a copia se fixo a columna única—, ocuparía un folio único no modelo, isto é, o referido f. *90, un dato que, por outra parte, casa ben con canto sabemos do manuscrito que máis podería parecerse a ese cancionero perdido, o *Fragmento Sharrer* (cfr. Sharrer 1991, 1993; Gonçalves 2016 [1995]: 287-293; Monteagudo 2022: 172-173); a partir de *V* 8, *Senhor fremosa, pois m'aqui*, comezaría o f. *91 dese exemplar.




Figura 11. Folio 88v de B






Figura 12. Folio 89r de B

Se esta análise dos datos é correcta, acharíamos resposta a dúas das notas remisivas de Colocci. Mais, a que se refire a cifra en números arábigos 87, escrita polo propio humanista nos puntos de *V* sinalados? E o número romano *Lxxxvi*? Volvamos a B.

Se folleamos o facsímile do códice lisboeta na zona que nos ocupa, verificamos que o ciclo de textos de Fernan Gonçalves de Seavra, de que, como anotamos antes, *V* conserva só a primeira *cobla* dunha cantiga, se inicia en *B* no f. 87r, en que se reproduce a primeira das pezas que lle é atribuída ao trovador, *A mia sennor atanto lle farei* (*B* 384; *UC* 353), que vai precedida pola correspondente rúbrica, escrita por Colocci. No folio en causa (figura 13), ademais das cifras que numeran as cantigas sucesivas —*B* 385-390; *UC* 354-359—, das notas de comentario do humanista e dos sinais con que parece remitirse a unha copia que non debeu estar exenta de dificultades, figura, na marxe superior esquerda, o número 89, que tamén neste caso foi escrito por Colocci. Como indica o reclamo *A mha sig*, escrito polo humanista na marxe inferior dereita do f. 86v, que ficou en branco, ese f. 87r inicia un novo fascículo de *B*, o número 11 de acordo coa descrición de Ferrari (1979: 109-111; véxase tamén Barberini 2023b).

Figura 13. Folio 87r de *B*Figura 14. Folio 75r de *B*

A que remite esa cifra colocciiana 89? Se continuamos folleando a edición facsimilar de *B*, na marxe superior esquerda do f. 75r encontramos a cifra 77 (imaxe 14), tamén neste caso escrita polo iesino. Como permite deducir

a seriación e a análise dos fascículos de *B*, e como ben sinalou Barberini nos seus estudos, tal cifra 77 envía ao exemplar de *B*, isto é, ao que sería o seu f. *77, primeiro do actual fascículo 10 do códice de Lisboa e primeiro do que sería o fascículo 8 do cancionero, despois perdido, que chegou a mans de Colocci nos anos previos ao «Sacco di Roma»¹³. Ese fascículo 10 comprende os actuais ff. 75-86 de *B*, como pode verse no esquema que se fornece na figura 15 (Ferrari 1979: 109; Barberini 2023b: 131; 2023c: 1108), en que se aprecia, en correspondencia co actual f. 75, a cifra remisiva 77, cifra que enviaría ao modelo e que marca a pauta para explicar o sucesivo número 89 que Colocci escribiu tamén en *B*, un número que remitiría ao comezo da seguinte *pecia* do exemplar, que se inauguraría cun primitivo f. *89, como se deduce da reconstrución que do primitivo fascículo 8 do antecedente do actual Colocci-Brancuti realizou o propio Barberini (2023b: 137; 2023c: 1107; figura 16)¹⁴:




Figura 15. Estrutura do fascículo 10 (actual) de *B* (tomada de Barberini 2023b)

¹³ Para a reconstrución dos fascículos do antecedente de *B* léase Barberini (2022, 2023b, 2023c, 2023d), que se detén no prego 10 do actual manuscrito lisboeta.

¹⁴ Barberini ocupouse da análise detallada dese fascículo 10, tal como hoxe se mostra en *B*, e das previsións que Colocci realizou no momento da súa copia en diversos traballos (2023b, 2023c), en que fornece, ademais, unha aguda reconstrución do fascículo correspondente do modelo. Os datos que achega son de grande interese para fixar como funciona o códice nese punto, como puido ser o seu modelo e os posibles danos que nel podían verificarse neste sector en concreto: «La previsione d'un fascicolo leggermente al di sotto del formato del quaderno della fonte [un senión, ff. *77-88 na fonte, un quinión nas previsións de Colocci, ff. 75-84] dipenderà dal fatto che la zona finale della *pecia* doveva essere a tal punto deteriorata che non fu possibile copiare in *B* le prime




Figura 16. Estrutura do fascículo 8 do exemplar de *B* (tomado de Barberini 2023b)

Así mesmo, computando os textos de *B* copiados no folio 87r, verificamos que contén seis cantigas completas (*B* 384-389; desta última —moi extensa, pois consta de catro estrofas e unha *fiinda*; cfr. *UC* 358— só unha liña de texto pasou ao folio seguinte, o 88r): caberían estas, por tanto, no primitivo f. *89 do modelo, copiándose *B* 390 e sucesivas no seguinte folio, que se correspondería co f. *90 do exemplar, concordando así a hipotética reconstrución do antecedente de *B* e o seu número de folios coas cifras que nos proporciona Colocci tanto en *B* (89) como en *V* (*A fogli* 90, fl 91).

Quedan, porén, dous números sen resposta: a cifra romana *Lxxxvi*, que flanquea *V* 4, atribuída a Sancho Sanchez, e a (duplicada) cifra en arábigos 87, que acompaña as cantigas de Tenoiro. Remitirán tamén estas cifras ao modelo?, é dicir, aos ff. *86 e *87 primitivos? Non o parece, atendendo a que *V* sinala que estes textos estaban presentes en *A fogli* 90 e 91. Aludirían, tal como os números 77 e 89 a unha *pecia*? Considerando canto ata aquí indicamos, non parece plausible, en tanto en canto son números sucesivos, contrariando o principio que rexe a *pecia*, isto é, o cómputo do conxunto de folios de cada fascículo, principio que explica o paso de 77 a 89: 12 folios son os que median

sette *cantigas* di Fernan Gonçalves de Seavra (A210-A216), trasmesse dal solo A». Os cálculos de Colocci non serían, aínda contando con ese deterioro, atinados, debendo engadirse a ese quinión primitivo un binión, de que só se empregaría a «prima metà (primitivo fasc. 10bis: cc. 85-86 + 73-74)». O resultado foi un heptanión «ottenuto con l'aggregazione in un unico quaderno dei primitivi fascicoli 10 e 10bis, inizialmente concepite [...] come due unità codicologiche autonome» (Barberini 2023c: 1107-1108; véxase tamén, Barberini 2022b, dedicado integralmente ao argumento, en que o autor realiza unha fina crítica ás hipóteses manexadas polos especialistas sobre esta «falta» de *B* e do seu modelo).

entre a primeira e a segunda, en absoluto unha sucesión de folios como a que mostra o códice da Vaticana.

Un expediente cómodo para explicar tales cifras de *V* sería recorrer a un erro de Colocci, mais, considerando que estes primeiros folios da copia se mostran dubitativos, que foron numerados unha primeira vez, sequera fose o primeiro, cunha cifra que foi despois riscada (véxase canto se sinalou a propósito do f. 1: 90 (riscado) > 1; cfr. Monaci 1875: 5), voltos a numerar por Colocci de 1 a 10, que cancelou tamén esta numeración para, posteriormente, e a partir do primitivo f. 10, numerar o resto do manuscrito comezando de novo coa cifra 1, deberemos analizar o conxunto deste sector e o sucesivo para formular, de ser posible, algunha hipótese que permita explicar a actuación do humanista e as decisións que adoptou á hora de copiarse este manuscrito: mandou copiar primeiro *V* ou parte del, ensaiando nestes primeiros folios as decisións que tomaría despois?; de ser así, por que comeza a copia neste punto? Nada podemos apurar ao respecto.

Aínda no que atinxe á *collatio* externa deste sector dos códices, no f. 3v, col. a, de *V*, en correspondencia coa cantiga de Tenoiro *Sennor fremosa, creede per mi* (*V* 11 = *B* 401; *UC* 369), áchase a cifra 92 riscada, unha cifra que non parece corresponderse, á vista do número de textos que se reproducirían no hipotético f. *91 que antes describimos, cun posible f. *92 do exemplar, e atendendo a que en *B* a copia non mostra anomalías que apunten a posibles deficiencias no modelo. Talvez aquí o guarismo si se escribiu de forma errada, anulándose despois.






Figura 17. Folio 3v de *V*

Avanzando ao folio sucesivo de *V*, o f. 4, no seu verso, a tanto agresiva canto festiva *tensó* en que participan o propio Tenoiro e Juião Bolseiro *Juião*, quero tigo fazer (*V* 14 = *B* 403; *UC* 371) vai acompañada pola cifra *Lxxxviiij*, e precedida pola rúbrica remisiva a Tenoiro (figura 18). No manuscrito lisboeña, pola súa parte, o debate iníciase na parte final do f. 89v, continuándose no f. 90r, en que ocupa toda a súa col. a, sen aparentes anomalías, excepción feita da ausencia da rúbrica atributiva —esta debía estar no orixinal, xa que foi reproducida en *V* polo copista, coma nos casos precedentes; en *B* é Colocci o responsable de escribir as *razos* no sector que nos ocupa—.

Figura 18. Folio 4v de *V*Figura 19. Folio 89v de *B*

A que remite este número *Lxxxviiij* de *V*? Seguindo a liña argumental que ata aquí desenvolvemos, o máis prudente é considerar que se trata dun novo envío ao modelo de *V*; porén, e atendendo ás cifras 90 e 91 que se rexistran nos ff. 1 e 3 do códice da Vaticana e a canto sinalamos nas liñas precedentes, carecemos, tamén aquí, de argumentos que expliquen a diverxencia numérica.

Ao remate desta *tensó V* reproduce, e Colocci risca, catro versos correspondentes á terceira estrofa da seguinte cantiga, *Senhor fremosa, des quando vos vi*, de Afonso Fernandez Cebolhilha, que precede a propia rúbrica atributiva do poema e a propia copia do texto completo (*V* 15, *UC* 372; figura 20). Por que? É obvio que o humanista corrige un erro, mais non é simple fornecer unha explicación para este, faltando, ademais, calquera tipo de axuda en *B*, que conclúe a col. a do folio, o 90r, co debate poético que antes citamos, iniciando a col. b coa cantiga en causa (*B* 404; figura 21): podería explicarse esta incidencia por un cambio de folio ou de columna no orixinal, por un salto ou anticipación, considerando, ademais, que o poema se copia completo a seguir, entre este f. 5r e a col. a do f. 5v? Non o sabemos. Si podemos afirmar, en troca, que a lección de *V*, nos dous casos, e feita excepción de mínimas diferenzas nalgunha grafía ou desenvolvemento dalgunha abreviatura, é idéntica.




Figura 20. Folio 5r de *V* (detalle)






Figura 21. Folio 90r de *B*

Finalmente, en *V*, na columna b do f. 5v, o copista escribiu, antes da cantiga *Muitos me dicen que servi doado*, da autoria do bastardo de don Denis, Afonso

Sanchez, a rúbrica, *Dom Afonso santhes filho de *l/*e9 idm / denjs de por**. Colocci anotou antes dela, e nun segundo momento, *Afonso*, acompañado dunha cruz; despois recuperou e completou a rúbrica na marxe inferior do folio, o 5v (figura 22). O dato de *Portugal* falta en *B*, f. 90v (figura 23), que reza simplemente: *Don affonso Sanchez filho del Rey don denis*; neste caso, o humanista, responsable de reproducir a rúbrica, puido, simplemente, omitilo. Parece, así, que Colocci está tamén neste caso confrontando *V* co seu modelo.

Figura 22. Folio 5v de *V*Figura 23. Folio 90v de *B*

De canto acaba de exporse, e tomando como base a lectura dos manuscritos e dos excelentes traballos publicados pola crítica nos últimos anos, en particular os de Barberini referidos aos primeiros fascículos de *B*, parece posible ofrecer unha hipótese explicativa para algún dos enigmas que ofrecen os folios iniciais de *V*, en particular para as notas *A fogli 90 e fl 91*. Cuestión diversa sucede coas demais cifras localizadas nos folios obxecto de análise, para os que non contamos cunha explicación plausible: como sucedeu coa tan traída e levada apostila *Manca da fol ij ifino a fol. 43*, que só agora parece

encontrar unha lectura xusta —non parece referirse á perda de texto unha vez acabado o códice, senón a unha falta parcial de paquetes de traballo no momento de abordarse a copia—, talvez poidamos resolver estes elementos discordantes unicamente cando avancemos na investigación e nos situemos na perspectiva de Colocci. Explicar que ocupaba a mente do humanista naquelas xornadas, que debían ser de traballo frenético, e como puido obrar, cos seus acordos e trasacordos, en que momentos e en que fases, quizais non poida ser nunca máis que unha hipótese de traballo¹⁵.

IV. *COLLATIO INTERNA*

A análise das cantigas ofrécenos, en primeiro lugar, unha serie de datos que non se mostran produtivos nesta fase da investigación e que, polo tanto, non serán considerados, como a presenza ou ausencia de puntos, o desenvolvemento ou non de formas abreviadas, o desprazamento de elementos braquigráficos idénticos dun grafema a outro, o emprego de «deseños» diversos para representar unha mesma abreviatura, ou a, en liñas xerais, falta de marcaxe do refrán en *V*. Tampouco se considerarán diverxencias gráficas do tipo <i> / <y>, <j> / <i> ou <m> / <n> finais. Valor diferente presentan os fenómenos que se abordan nas liñas que seguen¹⁶:

1. Diverxencias na segmentación dos versos: *UC 365, UC 369, UC 370, UC 373, UC 374, UC 375, UC 376, UC 377* ou *UC 380*.
2. Omisión, quer en *B*, quer en *V*, de un ou de varios elementos, circunstancia que pode provocar hipometría¹⁷: *UC 361* (diz *B* : diz' *V*), *UC 364*

¹⁵ Son elocuentes ao respecto estas palabras de Barberini, que segue os pasos da súa mestra, A. Ferrari: «Alla mesa in opera del 'prezioso' codice —copiato alla pecia: procedimento affatto inusuale nella produzione di libri manoscritti di poesia romanza— presero parte sei copisti [...], probabilmente funzionari della Cancelleria e/o della Biblioteca pontificie, assoldati clandestinamente da Colocci o almeno così sembrerebbe, visto che da una lettera di Annibal Caro a Felice Paciotto (datata 1561, qualche decennio dopo la confezione di *B*) si inferisce che tra i suditti del Romano Pontefice vi «è carestia di chi scriva», in quanto «scrittori ci sono pochi, e quelli la più parte servono a la Libreria sopradetta, e non è lor lecito a scriver per altri» (Barberini 2023a: 159-160). Referidas tales palabras aos copistas de *B*, poden facerse extensivas ao amanuense de *V*.

¹⁶ Neste punto é imprescindible a referencia a Monaci (1875: VII-XIV e XXV-XXX, páxinas as últimas que se corresponden co ilustrativo *Appendice II. Tavola dei principali errori che si osservano nella scrittura del codice*). A cantiga *UC 360* foi minuciosamente analizada por D'Heur (1984: 24-26).

¹⁷ Por obvias razóns de espazo, fornecemos un número mínimo de exemplos para cada *item*, aínda que en liñas xerais as formas rexistradas son moi abundantes. En cursiva sinalamos o segmento en que se detecta a anomalía.

(*meçi B : me'zi V*), UC 365 (*mays pois me deus ueer B : mays poys deu9 ueer V*), UC 367 (*Esse esto B : E sse sto V*), UC 369 (*outra B : oura V*), UC 372 (*sempro ue BV*; e a gram coyta B : *agram coyta V*; *desquando 9 B : desquando9 V*), UC 374 (*deu B : de V*), UC 375 (*Senher B : senhe V*; *q̄r me B : me V*), UC 378 (*perdi ossem B : perossem V*), UC 382 (*τ leyxade m̄j q̄ uos q̄ro bem B : c leyxade q̄ nos quero bem V > e leixade min que vos quero ben*). Dentro desta categoría poden incluírse os erros por salto de igual a igual, como o que se rexistra en UC 376 (*de uos bem polo grandamor / q̄ uos B : om. V*). Con excepción do *homoioteleuton*, que obedece a outra mecánica, e como pode apreciarse nos exemplos, os elementos ausentes son abreviaturas, grafemas en contextos de igualdade gráfica ou formas de escaso corpo fónico e de igualmente escasa entidade gráfica que caen con frecuencia no proceso de copia, na liña do sinalado polos manuais de crítica textual ou, no caso específico da lírica galego-portuguesa, por, entre outros, Arbor Aldea (2012a, 2012b).

